

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 97479-332

ACTA DE EMENDA DA DOCUMENTACIÓN PERSOAL DO SOBRE ÚNICO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA

Con data do 8 de xullo de 2024 publicouse no perfil de contratante o expediente do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación da subministración de mobiliario e equipamento para a Escola Infantil Municipal Santa Marta, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión do 5 de xullo de 2024.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, o 24 de xullo de 2024, reuníronse o técnico medio de actividades culturais e educativas por delegación da xefa do Servizo de Educación de data 16 de xullo de 2024 coa técnica de Administración Xeral de Contratación para a apertura do sobre único segundo o previsto na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral presentáronse os seguintes licitadores: HERMEX IBERICA, S.L. (Lote 1), JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U. (Lotes 1 y 2) e SPIRAL CONTRACT, S.L. (Lote 1)

As asistentes manifestaron non ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, procedeuse á descriptación das ofertas a través da Plataforma de Contratos do Sector Público co seguinte resultado:

	Licitador	Anexo II PCAP	DEUC	Oferta económica (sen IVE)	Incremento do prazo de garantía
Lote 1: Mobiliario e elementos accesorios de aulas e despachos					
1	HERMEX IBERICA, S.L.	✓	Falta cubrir unha pregunta da Parte III, apartado C	29.813,04 €	5 anos
2	JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U.	Non presentado	Non presentado	32.419,00 € (Oferta en orzamento detallado)	5 anos (Oferta en orzamento detallado)
3	SPIRAL CONTRACT, S.L.	✓	✓	33.187,00 €	2 anos
Lote 2: Mobiliario e electrodomésticos de cociña e despensa					
1	JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U.	Non presentado	Non presentado	16.046,60 € (Oferta en orzamento detallado)	5 anos (Oferta en orzamento detallado)



**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expediente 97479-332

Á vista da documentación presentada, admitiuse neste procedemento, por ter presentado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP, a SPIRAL CONTRACT, S.L. para o Lote 1.

Asemade, concedeuse un prazo de tres días a HERMEX IBERICA, S.L., no Lote, para que presentara novo DEUC correctamente cumprimentado e a JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U., nos Lotes 1 e 2, para que presentara o Anexo II e o DEUC para ambos lotes, xa que non os presentara inicialmente.

Transcorrido o prazo concedido aos licitadores mencionados para a emenda da documentación, o 2 de agosto de 2024 ás 10:45 horas, reunidos novamente o técnico medio de actividades culturais e educativas por delegación da xefa do Servizo de Educación de data 16 de xullo de 2024 coa técnica de Administración Xeral de Contratación, comprobouse o seguinte que tanto HERMEX IBERICA, S.L. (Lote 1), o día 30 de xullo de 2024, como JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U. (Lotes 1 e 2), o día 31 de xullo de 2024, presentaron a documentación requirida correctamente e dentro do prazo concedido.

En vista do anterior, e con base no artigo 159 LCSP, procede admitir neste procedemento a HERMEX IBERICA, S.L. (Lote 1) e a JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U. (Lotes 1 e 2) por teren emendado correctamente a documentación persoal.

Unha vez realizada a non admisión dos licitadores mencionados, solicítase ao servizo xestor, para os efectos de adxudicar este contrato, a existencia ou non de valores anormais ou desproporcionados conforme ao disposto na cláusula 15 do PCAP e, se procede, valorar as proposicións presentadas segundo o establecido no apartado 6.A. do Anexo I -FEC- do PCAP.

Vigo, na data da sinatura dixital

A técnica de Administración Xeral do Servizo Contratación
(sinatura dixital)

O técnico medio de Actividades Culturais e Educativas por delegación da xefa do Servizo de Educación
(sinatura dixital)

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/08/2024 09:59	Páxina 2 de 2
97479-332	CSV: AHAH53-35593A-21ABE6-MX7PTR-H5T8HY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		